

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE AUTORIZA A PERMANENCIA DE MEXILLÓN ESTOCADO EN SACOS, PENDURADOS DAS CORDAS, NAS BATEAS DA RÍA DE VIGO.

Feitos

1. O 19 de setembro de 2023 Javier Pena Lemat, con DNI 78730451W, en representación da Sociedade Cooperativa Galega Limitada Mejilloneros de Galicia (SOCOMGAL), presenta unha solicitude para a permanencia de mexillón estocado en sacos destinado a exportación para os viveiros da Ría de Vigo ata o 15 de xaneiro do 2024.
2. O 28 de setembro de 2023 o Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, emite un informe no que indica que non observa inconveniente en que se resolva favorablemente dita solicitude baixo unha serie de condicións.

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, regula no capítulo III do título V as concesións de actividade na zona marítima.
2. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 174/2002 do 10 de maio, regula o aumento de cordas de mexillón.

Á vista do exposto, e ao abeiro das súas competencias, esta xefatura territorial **RESOLVE:**

Autorizar ata o 15 de xaneiro de 2024 a permanencia de mexillón estocado en sacos, pendurados das cordas, nas bateas dos polígonos de viveiros da Ría de Vigo, baixo as seguintes condicións:

- O número de cordas con sacos por batea non excederá de 100.
- O número de sacos por corda non excederá de 16.
- Cada saco conterá un máximo de 10 Kg de mexillón.



De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Mar, no prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. Transcorrido dito prazo sen que o recurso fose presentado, a resolución será firme a tódolos efectos.

A xefa territorial

Por delegación de firma (Resolución do 29/12/2021)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica

Carmen de Benito Caula

